



## DECRETO

Visto que con data de 27 de febreiro de 2020 emitese Informe de Intervención á liquidación presupostaria do ano 2019, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto que nesa mesma data foi emitido pola Intervención municipal Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Presupostaria, da regra de gasto, do límite de débeda pública e do periodo medio de pago, e Plan de Saneamento, de conformidade co artigo 16 do Rd. 1463/2007, de 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e sustentabilidade financeira.

Vistas as facultades que en materia de aprobación da Liquidación confire ao Alcalde-Presidente o artigo 191.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da citada Lei, así como as Bases de Execución do Orzamento.

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobala Liquidación do Presuposto do exercicio 2019 do Concello de Viveiro formulada e informada pola Intervención, cos seguintes resultados:

#### **"A.- 1) Resultado orzamentario do exercicio:**

- Dereitos recoñecidos netos.....	14.163.273,97
- Obrigas recoñecidas netas.....	14.335.730,71
.....	
Diferenza.....	- 172.456,74

#### **2) Axuste:**

- Desviacións positivas de financiamento.....	- 407.782,41
- Desviacións negativas de financiamento.....	694.232,77
- Obrigas financiadas con R.T.G.X.....	273.749,67

**3) Resultado orzamentario axustado..... 387.743,29**





**B.- Remanentes de crédito:**

Créditos definitivo.....	15.917.971,68
Obrigas recoñecidas.....	14.335.730,71
Diferenza.....	1.582.240,97
Remanentes de crédito comprometidos incorporable.....	450.425,17
Remanentes de crédito comprometidos no incorporables.....	206.284,85
Total remanentes comprometidos.....	656.710,02
Remanentes de crédito non comprometidos incorporables.....	437.885,79
Remanentes de crédito non comprometidos non incorporables.....	487.645,16
Total remanentes non comprometidos.....	925.530,95
TOTAL REMANENTES DE CRÉDITO .....	1.582.240,97

**C.-Remanente de Tesourería**

1) (+) Fondos líquidos a 31-12-19.....	309.152,57
2) (+) Dereitos pendentes de cobro a 31-12-19.....	4.247.114,24
-(+) Do orzamento corrente.....	1.721.682,63
-(+) Dos orzamentos pechados .....	2.490.856,67
-(+) De operacións non orzamentarias.....	34.574,94
3) (-) Obrigas pendentes de pago a 31-12-19 .....	1.803.616,53
-(+) Do orzamento corrente.....	1.389.851,05
-(+) Dos orzamentos pechados.....	1.850,00
-(+) De operacións non orzamentarias.....	411.915,48
4) (+)Partidas pendentes de aplicación.....	-376.441,49
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación.....	376.441,49
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación def. ....	0,00
I. Remanente de tesourería. Total (1+2-3+4):	2.376.208,79





Do Remanente de tesourería para financiar gastos xerais, deduciranse os créditos de difícil ou imposible recadación, segundo indica o art. 103 do R.D. 500/90, do 20 de abril, a tal efecto e para garantir a liquidez, propóñense igual que o exercicio pasado as seguintes porcentaxes, que superan os límites mínimos establecidos polo artigo 193 bis do TRLRFL, introducido polo número un do artigo segundo da Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local:

Exercicio Corrente.....	0 %
Exercicio (-1 e -2).....	30 %
Exercicio (-3).....	75 %
Exercicio (-4 e -5).....	100 %
Exercicio (-6 e anteriores).....	100 %

Do cal, resultaría a deducir as seguintes cantidades:

AÑO	%	SALDO	DUDOSO COBRO
<b>2019</b>	0	1.721.682,63	0,00
<b>2018</b>	30	405.996,02	121.798,81
<b>2017</b>	30	453.359,73	136.007,92
<b>2016</b>	75	300.196,84	225.147,63
<b>2015</b>	100	286.419,36	286.419,36
<b>2014</b>	100	213.723,33	213.723,33
<b>2013 Y ANTERIORES</b>	100	831.161,39	831.161,39
		<b>4.212.539,30</b>	1.814.258,44

En calquera caso, a consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

II Saldos de dubidoso cobro.....	1.814.258,44
III Exceso de financiamento afectada.....	422.330,66

**IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III).....139.619,69**

O saldo a 31 de decembro de 2019 da conta 4130 “Acredores por operacións devengadas” é de 132.385,50 €. Por outra parte o saldo de “Acredores por devolución de ingresos”, conta 4180, é de 2.673,46 €. O Remanente de tesourería para gastos xerais axustado cos importes anteriores ascende a **4.560,73 €**





**D.- Destino do remanente de tesourería para gastos xerais aos efectos do artigo 12.5, 32 e a disposición adicional 6ª da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**

Aos efectos establecidos no artigo 32 e a disposición adicional 6ª da LOE, establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación, entendido como a capacidade de financiamento conforme ao sistema europeo de contas a nivel consolidado, que ascende a 625.408,81 €, ou o remanente de tesourería para gastos xerais si este foxe menor, calculado no apartado anterior 139.619,69 €, a reducir o nivel de endebedamento neto ou ao financiamento de inversións financeiramente sostibles, unha vez descontado o efecto dos plans de pago a provedores (que transforman débeda non financeira ou comercial, que computaba a efectos do remanente de tesourería para gastos xerais, en débeda financeira) e que no Concello de Viveiro é de 7.942.172,46 € a 31 de decembro de 2019. E destinar, en primeiro lugar, a atender as obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de 413 "Acredores por operacións devengadas" ou equivalentes en termos da normativa contable e presupostaria, e cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendente de pago contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

A disposición adicional centésima décima octava da Lei 6/2018, do 3 de xullo de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, dispón que a efectos da aplicación da disposición adicional sexta da LOE o importe a descontar do remanente de tesourería para gastos xerais, se identifica co importe das anualidades dos préstamos formalizados e vixentes co FFPP, correspondente ao exercicio ao que se refira o mencionado remanente de tesourería. O importe da anualidade 2019 é unicamente os xuros, xa que existe carencia, e ascende a 96.941,49 €.

Polo exposto, resulta:

Superávit de estabilidade orzamentaria.....	625.408,81 €
Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	<b>139.619,69 €</b>
Anualidade FFPP.....	- 96.941,49 €
Saldo da conta 413 .....	- 132.385,50 €
Devolucións de ingresos indebidos.....	- 2.673,46 €
Importe a redución de endebedamento.....	- 92.380,76 €





Tampouco é de aplicación o previsto no artigo 12.5 da LOE no relativo a redución do nivel de endebedamento, o non obter ingresos por encima das previsións orzamentarias.

### **E.- Aforro xerado durante o exercicio 2019**

O aforro xerado en 2019 ascende a 538.499,84 €, calculándose do seguinte xeito:

- Dereitos liquidados netos por operacións correntes.....	13.701.869,56 €
- Obrigas recoñecidas dos capítulos 1 a 4 .....	-13.008.699,88 €
- Amortizacións de préstamos incluídas no capítulo 9.....	- 373.611,11 €
- Obrigas recoñecidas, derivadas de modif. de cto. financiadas con remanente líquido de tesourería (cap 1 a 4).....	218.941,27 €
Aforro neto .....	538.499,84 €

O aforro así xerado representa un 3,93 % sobre os dereitos recoñecidos por operacións correntes.

### **F.- Carga financeira executada do exercicio 2019:**

A carga financeira dos préstamos bancarios executada a 31-12-2019, que ascende a 100.634,30 € en concepto de xuros, e 373.611,11 € en concepto de amortización, o que supón un total de 474.245,41 €, representa sobre os dereitos liquidados netos por operacións correntes por importe de 13.701.869,56 €, o 3,46 %. No ano 2018 calculada de igual xeito, representaba o 3,62 %.

**Segundo.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación, e suministrar a información a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

**Terceiro.-** Dar conta ó Pleno do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, da regra de gasto, do limite de débeda pública e do período medio de pago e plan de saneamento, con motivo da liquidación do orzamento do Concello de Viveiro no exercicio 2019 emitido o 27 de febreiro de 2020 co seguinte teor literal:





## 1. NORMATIVA REGULADORA

- A. Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira (LOE).
- B. Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade presupostaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).
- C. Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- D. Orde Ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOE (OM)
- E. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRFL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao Principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- F. Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- G. Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOE para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.

## 2. CUMPRIMENTO DO OXECTIVO DE ESTABILIDADE

O artigo 11.4 LOE establece que as Corporacións Locais deberán manter unha **posición de equilibrio ou superávit presupostario**.

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a presuposto obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes presupostados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, logo de aplicación de axustes relativos a valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Para os entes non sometidos a réxime presupostario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados de previsión se deduza que incorren en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade do Concello, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.





## 2.1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O PRESUPOSTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS,

- Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da LOE ("Corporacións Locais" en Contabilidade Nacional):
  - Entidade Local Concello de Viveiro.
  - Non existen Organismos Autónomos nesta Corporación.
  - Non hai Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais.
  - Eogal, S.L. (51% participada e sen actividade). Actualmente con acordo da Xunta Xeral, de 2 de agosto de 2016, de extinción da sociedade, sen nomeamento de liquidadores. Na plataforma do Ministerio figura como entidade en liquidación no concursal. Non se coñece actividade.
- Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 da LOE, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais .
  - Aparcamientos A Mariña, S.L. (100% participada).

As ditas empresas están sectorizadas pola IGAE, e figuran no Inventario de Entidades Locais, Aparcamientos A Mariña, S.L. como sociedade non financeira dende 01/01/2019, e Eogal, S.L. como AAPP dende 01/10/2018. Na Base de Datos Xerais de Entidades Locais figuran como sociedades mercantís.

A análise dos estados de previsión dos entes que non teñan o carácter de "administración pública" en termos de contabilidade nacional deberá realizarse (como integrante do Presuposto Xeral), pero deberá ser obxecto doutro informe individualizado, posto que do Regulamento se deduce que non se deben consolidar, e deberanse practicar os axustes que recolle o Manual de Cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional das unidades empresariais que aplican o Plan Xeral de Contabilidade Privada ou algunha da súas adaptacións da IGAE, de marzo de 2013. Por agora, as contas das sociedades mercantís non foron presentadas.





## 2.2 DESCRICIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE PRESUPOSTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

(Para a realización dos axustes a de considerarse o Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, e o formulario F.1.1.B1.do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades Locais.)

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros presupostarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas da contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

### A) INGRESOS:

#### Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

(No citado manual establécese que "a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non pode verse afectada polos importes de impostos e cotizacións sociais a recadación dos cales sexa incerta", polo tanto se interpreta que, como para elaborar o presuposto se utilizan como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.)

**AXUSTE:** Aplicase o criterio de caixa, ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo. Procede realizar os seguintes axustes:

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO DE CAIXA, INGRESOS DATOS LIQUIDACIÓN 2017					
Capítulos	Dereitos Recoñecidos Netos (1)	Recadación Presuposto corrente	Recadación Presuposto pechado	Total Recadado (2)	Axuste (3)=
Cap 1	4.697.250,03	4.313.438,27	188.055,04	4.501.493,31	-195.75
Cap 2	-9.948,12	-9.948,12	0,00	-9.948,12	
Cap 3	3.655.822,05	2.968.693,79	665.961,10	3.634.654,89	-21.16
<b>Tot. Axuste</b>	<b>8.343.123,96</b>	<b>7.272.183,94</b>	<b>854.016,14</b>	<b>9.126.200,08</b>	<b>-216.923</b>







## Capítulo 4 e 7 de Ingresos:

### **AXUSTE: Participación en ingresos do Estado (PIE).**

En contabilidade nacional, os pagamentos mensuais a conta dos impostos cedidos e dos Fondos Complementario de Financiamento rexístranse no período en que se pagan polo Estado, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisface.

Pode ocorrer que, sobre todo o intervir a Comunidade Autónoma como intermediaria, se producira unha diferenza entre as obrigas recoñecidas polo Estado e as cantidades recibidas pola entidade local, o que daría pe a un axuste se non se recoñeceu o dereito correspondente á mensuralidade de decembro de 2019. Neste concello recoñecéronse as entregas mensuais de xaneiro a decembro, polo que non procede axuste.

### **Tratamento das liquidacións definitivas da PTE 2009-2013**

Dado que en 2016 remataron as devolucións das PTE 2009 e 2013, non procede axuste por este concepto.





## AXUSTE: Operacións entre Entes do grupo ou con outras administracións

Dentro das operacións realizadas polas Corporacións Locais destacan as transferencias de recursos entre as distintas unidades públicas que forman parte do devandito subsector e destas a outras entidades incluídas no resto dos subsectores das Administracións públicas. A información en contabilidade nacional, debe presentarse consolidada do conxunto de transferencias dadas e recibidas en dous niveis diferentes.

1. En primeiro lugar, a nivel de cada Corporación Local, deben eliminarse as transferencias dadas e recibidas entre as unidades dependentes desta, que para os efectos da contabilidade nacional, se consideran Administracións públicas. O Concello de Viveiro non se atopa neste suposto.

2. En segundo lugar, deben eliminarse as transferencias dadas e recibidas entre as unidades que integran a Corporación Local, para os efectos de contabilidade nacional, co resto de unidades pertencentes ao sector Administracións públicas. É o que ven denominándose nos últimos formularios habilitados pola Subdirección Xeral como "Conciliación de Transferencias con outras Administracións Públicas".

En contabilidade nacional e de acordo ao principio de xerarquía de fontes, deben respectarse, con carácter xeral, os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia. Polo tanto, unha vez fixado o momento en que se rexistra o gasto polo pagador, o perceptor da transferencia debe contabilizala simultaneamente e polo mesmo importe que figure nas contas daquel.

Polo tanto o único axuste por estes ingresos é o derivado de eventuais diferenzas no momento de imputación das contías. O Concello contabilizou, nalgúns casos co criterio de ingreso e contraído simultáneo, cando así non se fixo, considéranse os ingresos recadados ( Apartado III.6 Manual IGAE ), agás a participación nos ingresos do Estado e da Xunta de Galicia analizada anteriormente.

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO IMPUTACIÓN TRANSFERENCIAS ENTRE AAPP					
Capítulos	Dereitos Recoñecidos Netos (1)	Recadación Presuposto corrente	Recadación Presuposto pechado	Total Recadado (2)	Axuste (3)=2-1
Cap IV	1.514.915,88	1.258.038,60	216.810,58	1.474.849,18	-40.066,70
Cap VII	430.648,77	398.745,68	317.107,13	715.852,81	285.204,04
<b>Tot. Axuste</b>	<b>1.945.564,65</b>	<b>1.656.784,28</b>	<b>533.17,71</b>	<b>2.190.701,99</b>	<b>245.137,34</b>





### **Capítulo 5 de Ingresos.**

**AXUSTE:** Os intereses rexístranse segundo o criterio do devengo. Non procede axuste.

### **AXUSTE: Devolucións de ingreso pendentes de aplicar ao presuposto:**

Dacordo coa vixente Instrución de contabilidade, as operacións de devolución de ingresos aprobadas non se reflexan no Presuposto en tanto en canto non se fan efectivas, razón pola que procede axustar os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos.

<b>Devolución de ingresos indebidos</b>	<b>(-) 2.673,46</b>
---	---------------------

## **B) GASTOS**

**Capítulo 3.** - Os intereses rexístranse segundo o criterio da remuneración. Polo tanto, deberíamos minorar a parte de intereses que pagándose no ano 2019 se devengan no 2018, e deberíamos engadir os intereses que se pagarán no ano 2020, pero que se devengan no ano 2019.

En aplicación do principio de importancia relativa podería considerarse non necesario realizar este axuste dado que se poden chegar a compensar os intereses que minoranse por vencementos do exercicio 2019 correspondentes a períodos parciais do 2018, cos aumentos polos intereses a devengar parcialmente no ano 2019 pero que se paguen en 2020.

## **C) OUTROS AXUSTES:**

### **Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar o presuposto.**

Estes son os gastos recollidos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven incrementalalo mediante a súa aplicación ao presuposto, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. Este axuste ten especial aplicación na fase de liquidación do exercicio, xa que non se trata só do gasto que se coñece como





EXCMO. CONCELLO

ALDÍA

DE  
VIVEIRO

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: [concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

extraxudicial de crédito, senón tamén daquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio no que se devenga.

O saldo inicial da conta 413 é de 461.304,90€. O saldo final da conta 413 é de 132.385,50 €, polo que procede axustar as obrigas recoñecidas, minorando o déficit en **328.919,40 €**. No ano 2020 ou cando o gasto pendente se impute ao presuposto, practicarase o axuste correspondente.

Así mesmo, debe considerarse a variación do saldo da conta 555 por pagos pendentes de aplicación como maior gasto do exercicio e non pasar pola conta 413, sendo o saldo inicial de 0,00 € e o saldo final de 0,00 €, o axuste é nulo.

As sentenzas firmes no ano 2015 e 2016, e que non foron aplicadas o respectivo presuposto, segundo a contabilidade nacional polo principio do devengo, computaron como gasto non financiero deses anos, aínda que existe aprazamento do pago e non teñen reflexo no presuposto, polo que procede axustar o gasto con maior déficit nos anos do devengo, e nos anos posteriores cando se pagan, o axuste a realizar minora o déficit polo importe aboado.

O Concello de Viveiro ten sentenza por demolición en Edificio Nicolás Cora Montenegro nº 50 por valor estimado de 258.509,72 €, polo que procede axustar o gasto con menor déficit polo importe aboado en 2019 o non estar incluído no saldo inicial da conta 413, que é **23.796,40 €** en 2019.

As sentenzas firmes do ano 2018 e que non foron aplicadas ao presuposto, segundo a contabilidade nacional polo principio do devengo, computan como gasto non financeiro do dito ano, aínda que non teñen reflexo no presuposto 2018, polo que procede axustar o gasto con maior déficit, e nos anos posteriores cando se pague, o axuste a realizar minora o déficit polo importe aboado. Neste suposto esta a sentenza, por liquidación de xuros de devolución de ICIO de Construcciones Furadiña, S.L., 201/2018 polo importe de **87.776,68 €**, que diminúe o déficit en 2019 ao ser aboado.

### 2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADO DO PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO PARA 2019

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 de estados de ingresos e as obrigas recoñecidas en capítulos 1 a 7 do estado de gastos, logo de aplicación dos axustes descritos, resulta unha **capacidade de financiamento** por valor de **625.408,81 €**.

CONCEPTOS	IMPOSICIÓN
-----------	------------





**EXCMO. CONCELLO**  
**ALDÍA**  
**DE**  
**VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: [concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

a) Dereitos Recoñecidos capítulos. I a VII presuposto corrente	14.145.292,33
b) Obrigas Recoñecidas capítulos I a VII presuposto corrente	13.962.119,60
<b>TOTAL (a - b)</b>	<b>+183.172,73</b>
<b>AXUSTES</b>	
1) Axustes recadación capítulo 1	-195.756,72
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	-21.167,16
4) Axustes por liquidación PIE-2013	0,00
5) Axuste por liquidación PIE-2009	0.00
6) Axuste por Conciliación de transferencias con outras AAPP	245.137,34
7) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao presuposto	328.919,40
8) Axuste por devolución de ingresos pendentes de aplicar ao presuposto	-2.673,46
9) Outros Pagos pendentes de aplicar ao presuposto	0.00
10)Outros Gastos	87.776,68
<b>c) TOTAL INGRESOS AJUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5, 6,,8)</b>	<b>14.170.000,33</b>
<b>d) TOTAL GASTOS AJUSTADOS (b +/- 7,9,10)</b>	<b>13.545.000,00</b>
<b>e) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c - d)</b>	<b>625.000,33</b>
<b>A porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c )</b>	

A 31 de decembro de 2019 o Concello de Viveiro cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria con capacidade de financiamento de **625.408,81€**.

### 3. CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación, o que constitúe un control ao incremento dos presupostos locais por parte do Estado.





En concreto, o 7 de xullo de 2017, o Consello de Ministros, para o período 2018-2019-2020, determina a regra de gasto en 2,4%, 2,7% e 2,8% respectivamente, actualmente é a taxa aprobada polo Parlamento.

Por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) publicouse unha "Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira para Corporacións Locais", 3ª edición de novembro de 2014, onde desenvolve o ámbito subxectivo de aplicación, o sistema de cálculo dos empregos non financeiros tanto para entidades sometidas a orzamento limitativo, cos axustes SEC de aplicación, como a entidades que aplican a contabilidade privada, a consolidación de transferencias entre entidades que forman o perímetro de consolidación e a determinación do gasto computable.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a TRCPIB de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos no SEC (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), exclusión feita dos intereses da débeda.

Deste gasto exclúese tamén a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Unha vez determinados os empregos non financeiros descontaranse aqueles gastos considerados transferencias segundo o SEC, cuxo destinatario sexa algunha das unidades que integran a Corporación Local, das clasificadas como Administración, por considerarse transferencias internas (descóntanse no ente pagador).

Sobre a magnitude así calculada, aplícase a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Os cambios normativos (modificación de ordenanzas fiscais, cambios legais...) para incrementar de forma permanente a recadación dos tributos e demais ingresos de dereito público, poderán incrementar o gasto por encima da regra de gasto no incremento da recadación que se prevexa obter.

Pola contra, se a entidade local adopta cambios normativos que vaian dar lugar a unha redución da recadación, o incremento posible do gasto para o exercicio seguinte reducirase pola redución da recadación que se prevexa que se vai a producir.





**EXCMO. CONCELLO**  
**ALDÍA**  
**DE**  
**VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: [concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

Verificación do cumprimento. Cálculos:

Para determinar o límite de regra de gasto débense considerar os datos da liquidación de 2018.

<b>Límite da Regra de Gasto liquidación 2018</b>	<b>IMPORTE</b>
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros (2018)	12.791.463,32
2. Axustes SEC (2018)	-403.028,53
<b>3. Total empregos non financeiros termos SEC agás xuros da débeda (1 +/- 2)</b>	<b>12.388.434,79</b>
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-2.000.932,55
6. Gasto en Investimentos Financeiramente Sostibles (-)	0
<b>7. Total Gasto computable do exercicio</b>	<b>10.387.502,24</b>
8. Taxa de variación do gasto computable (7 x2,7%)	280.462,56
9. Incrementos de recadación (2019)	0,00
<b>10. Límite da Regra de Gasto 2019 = 7+8+9</b>	<b>10.667.964,80</b>

<b>Verificación da Regra de Gasto do 2019</b>	<b>IMPORTE</b>
1. Emplegos non financeiros (Obrig. Rec. Caps. 1 a 7 exercicio 2019)	13.962.119,6
2. Xuros da débeda (2019) (1)	108.844,6
<b>A) SUMA DOS CAPÍTULO 1 A 7 AGÁS OS GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>13.853.274,9</b>
(+) Gastos realizados no exercicio pendente de aplicar	-328.919,4
(+) Outros Pagos pendentes de aplicar ao presuposto	-0,0
(+) Outros Gastos	-0,0
<b>B) EMPREGOS NON FINANCEIROS TÉRMO SEC AGÁS XUROS DA DÉBEDA</b>	<b>13.524.355,5</b>





EXCMO. CONCELLO

ALDÍA

DE  
VIVEIRO

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: [concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

(-) Pagos por transf. a outras entidades que integran a Entidade Local	0,00
(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedentes da UE ou outras AAPP	-2.155.259,38
Unión Europea	0,00
Estado	3.792,10
Comunidade Autónoma	1.309.822,35
Deputación	833.385,49
Outras Administracións Públicas	8.259,44
<b>C) TOTAL GASTO COMPUTABLE DO EXERCICIO</b>	<b>11.369.096,13</b>
<b>Gasto máximo admisible Regra de Gasto</b>	<b>10.667.964,80</b>
DIF. ENTRE LÍMITE DA REGRA DE GASTO E GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2018	<b>701.131,33</b>
% Variación do gasto computable 2019/2018	<b>6,57%</b>

A 31 de decembro de 2019 o Concello de Viveiro non cumpre a regra de gasto, e dado que a empresa Eogal,SL., non esta en actividade, non afecta a consolidación, sendo por tanto o resultado o exposto anteriormente, debendo aprobar un Plan económico financeiro 2020-2021, que permita volver a senda de cumprimento da regra de gasto.

#### 4. CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

A LOE (art. 13) establece a obriga de non rebasar o límite da débeda pública.

Dado que para a Administración Local o obxectivo non se establece en termos de ingresos non financeiros, resulta de aplicación o límite que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no artigo 53, fixado no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando o disposto na Disposición Final Trigésimo primeira da LPXE para 2013:

*“Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a*







**EXCMO. CONCELLO**  
**ALDÍA**  
**DE**  
**VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: [concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

*5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.*

*A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado."*

Non obstante o límite de débeda debe determinarse nos termos do Protocolo do Déficit Excesivo do estado español, e en este computaríanse sóo os avais executados.

A 31 de decembro de 2019 o Concello de Viveiro cumpre cos límites de débeda pública segundo se amosa na seguinte información ( segundo a Disposición Final 31 da Lei Orzamentos Xerais do Estado para 2013):

NIVEL DE DEUDA VIVA	Euros
1) (+) Ingresos liquidados 2019 (capítulos 1 a 5 de ingresos)	13.701.869,56
2) (-) Ingresos actuacións urbanísticas	0
3) (-) Ingresos afectados	0
4) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (1-2-3)	13.701.869,56
5) Débeda viva a 31.12.2019	10.054.672,46
6) Débeda formalizada no disposta a 31.12.2019	0,00
<b>7) Porcentaxe carga viva ( 5+6 / 4)</b>	<b>73,88%</b>

Polo que se informa que **o nivel de débeda así calculado está por baixo do 110% dos ingresos correntes**, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición Adicional 74<sup>a</sup> da LPXE para 2014.

Segundo os termos do Protocolo do Déficit Excesivo do estado español, computan na débeda os pagos aprazados por operacións con terceiros que ascenden a 119.621,29 € en 2020, polo que a Débeda viva PDE a 31/12/2019 ascende a 10.174.293,65 €, e representa o 74,76 % dos recursos correntes.





## **5. PERÍODO MEDIO DE PAGO**

O período medio de pago do Concello de Viveiro do cuarto trimestre de 2019 é de 3,88 días, calculado segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo.

## **6. PLAN DE SANEAMENTO**

O obxectivo do Plan é obter un aforro neto positivo en 2021, para o ano 2017 o cálculo estimaba un aforro neto positivo de 145.459,25 € cunha anualidade teórica de amortización de 1.185.394,54 € calculada nos termos indicados na normativa do Plan, un aforro bruto de 1.322.412,61 € e un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 34.978,50 €. Para o ano 2018 o cálculo estimaba un aforro neto positivo de 57.366,45 € cunha anualidade teórica de amortización de 1.185.394,54 € calculada nos termos indicados na normativa do Plan, un aforro bruto de 1.244.319,81 € e un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 64.978,50 €.

Para o ano 2019 o cálculo estimaba un aforro neto positivo de 116.298,10 € cunha anualidade teórica de amortización de 1.185.394,54 € calculada nos termos indicados na normativa do Plan, un aforro bruto de 1.303.251,46 € e un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 134.978,50 €. Cos resultados da liquidación do exercicio 2019 e a citada anualidade teórica de amortización, o aforro neto é de -172.649,29 €, o aforro bruto é 1.012.745,25 € e RTGX é de 139.619,69 €, polo tanto o Concello de Viveiro cumpre parcialmente o Plan de saneamento.

## **7. CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, REGRA DE GASTO, NIVEL DE DÉBEDA PÚBLICA, PERÍODO MEDIO DE PAGO, E PLAN DE SANEAMENTO.**





EXCMO. CONCELLO

ALDÍA

DE  
VIVEIRO

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 [E-mail: concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

A liquidación do Presuposto Xeral do exercicio 2019, salvo erro ou omisión involuntaria, cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria, cunha capacidade de financiamento de **625.408,81 €**.

Cumpre co límite de débeda pública cunha débeda viva financeira que ascende a **10.054.672,46 €**, que supón o 73,88 % dos ingresos correntes de carácter ordinario, e unha débeda viva segundo o PDE de **10.174.293,65 €**, que supón o 74,76 % dos citados ingresos correntes.

Incumpre ca regra de gasto ó ser a diferenza, entre o gasto computable do exercicio 11.369.096,13 € e o gasto máximo 10.667.964,80 €, **701.131,33 €**, e representa unha variación do gasto computable 2019/2018 de 6,57 %.

O período medio de pago do Concello de Viveiro do cuarto trimestre de 2019 é de **3,88 días**, calculado segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo.

Cumpre parcialmente co Plan de Saneamento aprobado o 7 de abril de 2017, que prevía para 2019 un aforro neto de 116.298,10 € sendo **-172.649,29 €**, un aforro bruto de 1.303.251,46 € sendo **1.012.745,25 €**, e RTGX de 134.978,50 € sendo **139.619,69 €**. “

En Viveiro, asinado dixitalmente ó marxe.

La Alcaldesa  
María Loureiro García

La Secretaria  
María Luz Balsa Rábade



Cod. Validación: 7L2E6CRLY5CWKTEZP9MWNLH | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19